



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación da materia de INICIACIÓN Á DIRECCIÓN

curso 2020/2021



PROFESOR: ALEJANDRO CIMADEVILA LOUZAO



Índice

| | |
|--|----|
| 1. Introducción..... | 3 |
| 2. Metodoloxía..... | 8 |
| 3. Atención á diversidade..... | 9 |
| 4. Temas transversais..... | 11 |
| 5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas..... | 13 |
| 6. Secuenciación do curso..... | 14 |
| 6.1.1 Obxectivos..... | 15 |
| 6.1.2 Contidos..... | 19 |
| 6.1.3 Avaliación..... | 21 |
| Criterios de avaliación..... | 22 |
| Mínimos esixibles..... | 25 |
| Procedementos e ferramentas de avaliación..... | 27 |
| Criterios de cualificación..... | 29 |
| Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 29 |
| 6.1.4 Medidas de recuperación..... | 30 |
| Procedementos de recuperación ordinarios..... | 30 |
| Probas extraordinarias de setembro..... | 31 |
| 6.1.5 Recursos didácticos..... | 32 |
| 6.1.6 Modalidade de ensino semipresencial e non presencial..... | 33 |
| 7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica..... | 34 |
| 8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento..... | 35 |
| 9. ANEXOS..... | 37 |



1. Introducción

- Xustificación

A finalidade das materias optativas nas ensinanzas musicais de grao medio é permitir ao alumnado participar activamente na configuración do seu currículo académico, así como ir acoutando o seu perfil profesional cara ao nivel de especialización definitiva que ten lugar no grao superior destas ensinanzas. Esta materia optativa para o 6º Curso de Grao Profesional de Música, exposta para a súa aplicación no CMUS Profesional de Santiago de Compostela, pretende dotar ao alumnado da posibilidade de abordar distintas áreas de coñecemento dentro da súa formación e coñecer diferentes ámbitos profesionais relacionados coa música. Na actualidade, ademais de formarse como interprete ou concertista, o alumno ou alumna pode cursar materias relacionadas coa interpretación, a composición, os diferentes estilos musicais como a música tradicional ou o Jazz ou a pedagogía musical. Esta materia, Iniciación á Dirección, pretende ofrecer tamén a posibilidade de achegarse a dirección musical, ámbito de grande importancia dentro a práctica musical. Ademais, dado que nas ensinanzas de Grao Superior de Música de Galicia, recentemente comezouse a ofertar a Especialidade de Dirección, esta materia pode axudar como iniciación e preparación para o alumnado que teña pensado realizar o acceso as ensinanzas superiores nesa especialidade.

- Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.



- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das



ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Amais da lexislación xeral e específica das ensinanzas de música sinalada anteriormente, tamén se tivo en conta para a redacción desta programación as modificacións e instrucións ditadas por mor da covid-19:

- Instrucións do 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 28 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se amplían e concretan determinados aspectos das Instrucións do 27 de abril de 2020.

▪ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007



e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

Dada a incidencia da pandemia da COVID-19 no proceso de ensino-aprendizaxe no terceiro trimestre do pasado curso, no presente será imprescindible como docentes mostrar unha especial sensibilidade na detección tanto das carencias xeradas a nivel de adquisición de coñecementos, como doutras problemáticas de tipo material (como a non dispoñibilidade dos recursos necesarios para o desenvolvemento do ensino a distancia) e incluso de índole emotiva que o alumnado puido ter sufrido nese período.

- Outros aspectos da aplicación práctica desta programación



A materia de Iniciación á Dirección está orientada a dotar ao alumnado dos coñecementos máis básicos relacionados coa dirección das diferentes agrupacións musicais (orquestras, agrupacións corais, bandas e grupos de ventos e/ou percusión, ensembles, etc.). Os seus contidos serán, por tanto, contidos de carácter teórico e práctico que complementarán aos seus coñecementos en historia da música, análise e educación auditiva, así coma outros que serán novos ou introdutorios para a súa posible formación superior coma organoloxía, técnica xestual, repertorio básico ou programación musical.

- Itinerarios aos que se vincula

Esta materia vincúlase a todos os itinerarios ofertados no centro, dadas as súas características e contidos:

- Itinerario de Interpretación
- Itinerario de Composición
- Itinerario de Pedagogía
- Itinerario de Musicoloxía

- Departamento Didáctico ao que se adscribe

Esta materia adscríbese ao Departamento Didáctico de Vento - Madeira.

- **Plan de reforzo**

Debido a que esta materia optativa unicamente se imparte no 6º curso do grao profesional non é necesario un plan de reforzo para paliar carencias que puidera presentar o alumnado derivadas do acontecido no curso anterior. Con todo, se o profesorado desta materia detectara algún tipo de carencia ou dificultade farase constar no caderno de seguimento, informarase ao profesorado que corresponda e , de ser necesario, adoptaranse as medidas que se estimen necesarias.



2. Metodoloxía

A materia de Iniciación á Dirección presenta a particularidade de ser unha materia optativa para o alumnado do 6º Curso do Grao Profesional de calquera especialidade, e por tanto con diferentes expectativas e intereses. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para todo o conxunto.

Cabe salientar que debido á incidencia da covid-19 e ás normas de sanidade e seguridade ditadas ao respecto, neste curso á metodoloxía empregada deberase adaptar en cada momento ás circunstancias, sobre todo no que se refire ás ferramentas empregadas e á necesidade de prestar maior atención ás necesidades particulares do alumnado e as dificultades que poidan xurdir ao longo do curso.

- Os principios metodolóxicos xerais da materia son:
 - Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.
 - Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivadora, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino – aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as non o sexan mediante distintos mecanismos de realimentación nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.



- Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción constructivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (interdisciplinar), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estruturase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, afondando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe).
- Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación – clase. Nesta mesma liña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- Principios de **interacción**: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno – alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación...), alumno – profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.



Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do grupo, no que atoparemos diferenzas individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos: de forma xeral ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a para identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; e máis especificamente cada vez que se aborde un repertorio novo na agrupación, afinando no posible esas medidas. Igualmente destacable é a coordinación dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia, e cos titores/as de cada un dos alumnos/as.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención á diversidade non significativas** serán as seguintes:

- Medidas de carácter xeral:
 - Selección o repertorio atendendo a criterios sociocéntricos (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).
 - Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do grupo.
- Medidas personalizadas:
 - Alumnado coa materia pendente do curso anterior: maior atención a posibles necesidades do alumno/a e contacto permanente co titor/a co fin de establecer unha estratexia conxunta no caso de atoparse dificultades.
 - Exentos da práctica da dirección de forma temporal (enfermidade, lesión ou outras causas debidamente xustificadas): no caso de alumnos/as que por causa prolongada non poidan participar nun porcentaxe superior al 66% das sesións nas actividades relacionadas coa técnica da dirección, poderá ser necesario realizar un exame final cas mesmas características que o indicado para o alumnado que non é posible avaliar de xeito continuo por calquera outra circunstancia. Aqueles que polo motivo que fora non poidan participar puntualmente en algunha das actividades,



deberán facerse cargo de coñecer o traballado na clase e, na medida do posible, realizalo na casa, procurando así evitar un prexuízo no ritmo de traballo das seguintes sesións para o grupo e para el mesmo.

Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención a diversidade significativas** reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento ao que a materia está adscrito e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

- Variación da metodoloxía.
- Adaptación do material didáctico (repertorio).
- Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade acorde a cada alumno/a.
- Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.



4.1 Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Orquestra faremos especial fincapé, entre outros, aos seguintes:

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos
- Educación para a saúde
- Educación para o ocio
- Educación ambiental
- Educación para a paz
- Educación do consumidor

Ademais, ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños, e, principalmente, de concertos solidarios en favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

Nesta materia o uso das TIC´s pode faise imprescindible no desenvolvemento do proceso de ensinanza – aprendizaxe dende un punto de vista actual e global.

Amais da utilización da lousa electrónica, no caso de dispoñer dela, en moitas ocasións farase uso de materiais audiovisuais, tanto vídeos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima conveniente, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, audicións, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos. Tamén poderase recomendar á



escoita de grabacións polos medios dos que se dispoña (plataformas dixitais de audio).

Farase uso da aula virtual da materia, en función das necesidades derivadas da situación sanitaria e das instrucións que se adopten ao respecto (ensino non presencial ou semipresencial). Tamén se poderá utilizar algunha das plataformas de comunicación por vídeo (videoconferencia) para impartir as clases no caso de ser preciso.

Non se permitirá a grabación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia dos alumnos e alumnas a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, realizar algunha actividade en colaboración co Departamento de Conxunto, en especial coas agrupacións instrumentais e corais das materias de Orquestra, Coro ou Conxunto, na que o alumnado de Iniciación á Dirección poida ter una experiencia directa na aplicación dos contidos desta materia. Falamos en resumidas contas de procurar que o alumnado poida dirixir algunhas das agrupacións do centro en algún concerto ou audición, se é posible.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.



Neste curso 2020-21, debido á incidencia da covid-19 e en función das normas e instrucións que o centro ou as autoridades sanitarias ou educativas establezan, é moi probable que as actividades complementarias e/ou extraescolares habituais se vexan alteradas e/ou canceladas.

6. Secuenciación do curso

6.1 6º Curso do Grao Profesional

A materia distribuirase en 5 Unidades Didácticas. Cada unha delas pretende afondar nalgún dos aspectos principais relacionados coa dirección musical. Non se trata de bloques cerrados de coñecemento, pois a súa interrelación é obvia, senón que o que se busca é unha estrutura xeral que permita certa planificación ao longo curso, buscando sempre un mellor aproveitamento de cada unha das sesións de clase e un mais sinxelo seguimento do nivel de consecución desta programación ao longo do curso.

As Unidades Didácticas nas que se organiza a materia, e mais a súa secuenciación, son as seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

Durante a 1ª metade do curso (1º- 2º trimestre)

UD 2: *A figura do Director*

De 6 a 8 sesións (1º trimestre)

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*



De 6 a 8 sesións (1º- 2º trimestre)

UD 4: *Análise da partitura*

De 10 a 20 sesións (2ª- 3ª trimestre)

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

Durante todo o curso (1º, 2ºe 3º trimestre)

As unidades didácticas non están formuladas de modo que sexan excluíntes unhas das outras senón que están pensadas para ser traballadas de modo simultáneo segundo as seguintes premisas: a 1ª Unidade Didáctica, dado que está dedicada a desenvolver a capacidade auditiva no alumnado, será necesario traballala durante a 1ª metade do curso; as Unidades Didácticas número 2 e 3, de carácter máis teórico, traballaranse no 1º e 2º trimestre; a 4ª, na que se traballa tanto conceptos teóricos coma competencias prácticas, no 2º e 3º trimestre; a 5ª simultanearase con todas as anteriores ao longo do curso dada a importancia dos contidos dentro da materia e polo feito de precisar dunha constante evolución no alumnado. Por tanto en cada unha das sesións de clase dedicarase certo tempo a cada unha das unidades didácticas que correspondan.

6.1.1 Obxectivos

OBX 1. Desenvolver a capacidade auditiva en todos os seus aspectos, en especial nos relacionados coas modulacións, multifonías e acordes, tímbrica e afinación.



- OBX 2.** Coñecer o papel do director dentro da interpretación musical, a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes, así coma as principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical.
- OBX 3.** Coñecer a estrutura, características, historia e repertorio das principais agrupacións musicais, así coma dos instrumentos que forman parte delas.
- OBX 4.** Coñecer e dominar o análise de partituras dende un punto de vista interpretativo e da dirección musical nos seus diferentes niveis: formal básico, fraseo, agóxica e instrumentación.
- OBX 5.** Dominar as técnicas de análise básica para a dirección e a resolución de posibles conflitos técnicos e de ensaio dunha partitura. Coñecer as técnicas e sistemas de ensaio e estudio básicos.
- OBX 6.** Desenvolver a independencia e control psicomotriz básico e necesario para a técnica de dirección. Dominar os principais aspectos técnicos e xestuais da dirección: a anacrusa, a actividade – pasividade, os caldeiróns, a dinámica, etc.
- OBX 7.** Valorar e promover a necesidade de certo pensamento crítico, autónomo e independente na valoración da interpretación musical en todos os seus niveis e ámbitos.

Os obxectivos secuenciados por Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Favorecer o desenvolvemento no alumnado da capacidade auditiva e discriminación de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais.
- b) Mellorar a capacidade auditiva de varias voces simultáneas mediante a realización de ditados.
- c) Axudar ao perfeccionamento da capacidade auditiva dos alumnos e alumnas con respecto á afinación e á tímbrica.



UD 2: *A figura do Director*

- a) Afondar no papel do director na interpretación musical ao longo da historia e a súa evolución ata a actualidade.
- b) Distinguir e valorar as principais tarefas do director, así coma a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes.
- c) Por en valor ás principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical e a súa influencia no panorama actual.
- d) Favorecer o desenvolvemento de certa capacidade crítica en canto a importancia e influencia do director na interpretación musical, e no ámbito musical en xeral.
- e) Fomentar o interese pola figura do director e o seu aporte á interpretación final, así coma a súa importancia no traballo previo a mesma.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Amosar, a grandes trazos, a evolución histórica das agrupacións instrumentais e vocais máis importantes.
- b) Afondar na estrutura e características das principais agrupacións musicais, así coma dos instrumentos que forman parte delas.
- c) Sinalar e valorar os estilos e repertorio mais representativo e característico de cada unha destas agrupacións.
- d) Recoñecer e por en valor as características actuais de cada unha destas agrupacións dende o punto de vista do director.
- e) Analizar os papeis e usos máis habituais de cada un dos instrumentos e voces dentro de cada agrupación, atendendo sobre todo a rexistros, tímbrica, problemas técnicos, afinación, etc., e aos problemas e posibles solucións derivados de estes.
- f) Fomentar o interese pola música de todo tipo de estilos e agrupacións, así coma a toma de conciencia da súa importancia dentro do panorama histórico e actual.



UD 4: *Análise da partitura*

- a) Amosar as pautas de planificación básicas a seguir no traballo dunha partitura dende o punto de vista do director.
- b) Dotar ao alumnado das ferramentas de análise de partituras básicas para calquera director, atendendo especialmente a aspectos coma o compositor, o estilo, o contexto, a súa estrutura formal básica, o fraseo que presenta e as características de agónica, sonoridade e instrumentación.
- c) Facilitar a toma de conciencia dos posibles problemas técnicos, tanto para os músicos coma para o director presentes na partitura e a súa importancia como parte do estudio previo da mesma.
- d) Indicar algunhas das técnicas e sistemas de ensaio mais usados.
- e) Favorecer o recoñecemento da importancia do estudio e traballo previo por parte do director sobre a partitura a interpretar, así coma dunha correcta planificación tanto deste, coma de cada unha das sesións de ensaio.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Amosar as características que na actualidade se consideran coma teoricamente ideais na posición corporal dun director, e que favorecen a adopción dunha posición corporal cómoda e eficaz. Favorecer a súa valoración crítica e a súa adopción por parte dos alumnos e alumnas.
- b) Favorecer o desenvolvemento da independencia das mans e do control psicomotriz básico e necesario para unha correcta técnica de dirección.
- c) Dominar os principais aspectos técnicos e xestuais da dirección: a anacrusa, a actividade – pasividade, os caldeiróns, a dinámica, etc.
- d) Concienciar da necesidade dunha visión positiva e mesmo construtiva das posibles críticas, ou mesmo autocríticas, que da nosa postura, xestualidade ou actitude como



directores musicais, se nos poida indicar, tanto na aula coma en posibles ensaios, actuacións e/ou concertos públicos.

6.1.2 Contidos

CRIT AV 1. Desenvolvemento a capacidade auditiva: ditados a varias voces centrados no traballo e identificación de modulacións, multifonías e acordes, contrastes tímbricos e afinación.

CRIT AV 2. A figura do director na interpretación musical: relación coa obra, co compositor e cos intérpretes, principais figuras históricas e pedagóxicas da dirección musical.

CRIT AV 3. As agrupacións musicais: estrutura, compoñentes, características específicas, historia e repertorio. Organoloxía básica: principais características de instrumentos de corda, vento, percusión e voces; historia, repertorio de referencia, rexistro e fundamentos de instrumentación básicos de cada un deles.

CRIT AV 4. Análise e estudo da partitura: compositor, estilo, contexto; análise formal básico, fraseolóxico, agórico e de sonoridade e instrumentación. Preparación da partitura (raiado).

CRIT AV 5. Técnicas de ensaio: planificación de estudo e ensaio, sistemas de ensaio. Implementación da concepción mental, o análise e o estudo previo. Resolución de conflitos técnicos puntuais e problemas de ensaio

CRIT AV 6. Técnica xestual: conceptos previos, a anacrusa, actividade – pasividade, amalgamas, caldeiróns, agórica, dinámica, articulación, independencia xestual e man esquerda.

CRIT AV 7. Reforzo do pensamento crítico, autónomo e independente na valoración da interpretación musical: análise en grupo e autoanálise sobre os diferentes aspectos da dirección musical e toma de conciencia das dificultades e diferentes solucións individuais en cada un dos exercicios propostos.



Os contidos secuenciados por Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Traballo de ditados e exercicios prácticos similares específicos para a mellora da discriminación auditiva de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais.
- b) Traballo para a mellora da capacidade auditiva mediante ditados multifónicos de ata 3 voces.
- c) Traballo e resolución de problemas prácticos sobre afinación.
- d) Traballo e resolución de problemas prácticos sobre tímbrica.

UD 2: *A figura do Director*

- a) Orixe e evolución da figura do director ao longo da historia da música. Situación na actualidade.
- b) Papel do director con respecto a interpretación musical. Relación coa obra, co compositor e cos intérpretes.
- c) Principais figuras históricas, tanto pola súa influencia na interpretación, coma dentro da pedagogía da dirección.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Principais agrupacións musicais: a orquestra, o coro, a banda, outras ensembles e grupos instrumentais. Evolución histórica, estrutura, características específicas e situación actual.
- b) Repertorio básico por agrupacións. Repertorio solista de referencia.
- c) Organoloxía: familias de instrumentos (corda, vento, percusión e voces), características básicas de cada un deles, evolución e panorama actual.



- d) Fundamentos de instrumentación: rexistros, tímbrica, afinación, dificultade técnica, etc.

UD 4: *Análise da partitura*

- a) Principios e pautas de planificación básicas do traballo do repertorio.
- b) Análise e estudio de partituras: compositor, estilo, contexto.
- c) Análise e estudio de partituras: análise formal básico, fraseolóxico, agónico e de sonoridade e instrumentación.
- d) Análise e estudio de partituras: conflitos técnicos puntuais.
- e) Implementación da concepción mental, o análise e o estudio previo no ensaio e identificación de posibles problemas.
- f) Técnicas de ensaio: planificación do estudio e o ensaio, sistemas de ensaio.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: conceptos previos, posición corporal.
- b) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: a anacrusa, actividade – pasividade, as relacións.
- c) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: amalgamas, caldeiróns, agónica, dinámica, articulación.
- d) Traballo teórico e práctico da técnica xestual: independencia xestual e man esquerda.

6.1.3 **Avaliación**

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera



momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

CRIT AV 1. Dominio na identificación de modulacións, multifonías e acordes, contrastes tímbricos e afinación en ditados a 2 e 3 voces.

CRIT AV 2. Coñecemento da evolución e importancia da dirección musical dentro da historia da música, así coma das principais figuras históricas e pedagóxicas.

CRIT AV 3. Coñecemento das características, estrutura, historia e repertorio básico das principais agrupacións musicais históricas e actuais: orquestras, bandas, coros, big band. Coñecemento da historia, repertorio de referencia, rexistro e fundamentos de instrumentación básicos dos instrumentos de corda, vento, percusión e voces.

CRIT AV 4. Dominio da análise básica da partitura orientado á dirección musical: compositor, estilo, contexto; análise formal básico, fraseolóxico, agórico e de sonoridade e instrumentación.

CRIT AV 5. Coñecemento das principais técnicas de planificación no estudo e sistemas de ensaio. Dominio das principais técnicas na resolución de conflitos técnicos puntuais e problemas psicomotrices e de ensaio.



CRIT AV 6. Coñecemento e dominio práctico dos principais xestos e aspectos psicomotrices básicos necesarios para a práctica da dirección musical: posición e actitude corporal, anacrusas, actividade – pasividade, amalgamas, caldeiróns, agóxica, dinámica, articulación, independencia xestual e man esquerda.

CRIT AV 7. Participación de forma activa e con actitude positiva na análise dos diferentes aspectos da dirección musical, e das dificultades e diferentes solucións individuais en cada un dos exercicios propostos amosando respecto aos demais, capacidade de autoavaliación e pensamento autónomo e independente.

Os criterios de avaliación de cada una das Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Realizar correctamente ditados e exercicios de discriminación auditiva de tonalidades, modulacións, acordes e funcións tonais; ditados a varias voces; e de afinación e tímbrica.
- b) Amosar interese en cada unha das actividades propostas, e pola importancia que unha correcta educación auditiva ten na formación dun director en particular, e de calquera músico en xeral.

UD 2: *A figura do Director*

- a) Coñecer o papel do director na interpretación musical ao longo da historia e a súa evolución ata a actualidade.
- b) Distinguir e valorar correctamente as principais tarefas do director, así coma a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes.
- c) Coñecer ás principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical e a súa influencia no panorama actual.



- d) Mostrar interese e certo grao de mellora na capacidade crítica en canto a importancia e influencia do director na interpretación musical, e no ámbito musical en xeral.
- e) Mostrar interese pola figura do director e o seu aporte e influencia na interpretación final, así coma a súa importancia no traballo previo a mesma.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Coñecer as principais agrupacións musicais ao longo da historia da música, así coma a súa situación actual e características principais.
- b) Coñecer os instrumentos de uso mais habitual na música occidental e as súas características mais importantes.
- c) Distinguir e valorar correctamente o repertorio mais característico das principais agrupacións instrumentais e vocais, así coma o repertorio solista mais salientable.
- d) Apreciar e valorar correctamente as dificultades interpretativas que se poden dar nun determinado repertorio, derivados da súa instrumentación ou do uso que se fai dun determinado instrumento ou voz, así coma as posibles solucións que pode aportar o director.

UD 4: *Análise da partitura*

- a) Coñecer os pasos a seguir no traballo dun novo repertorio por parte do director. Valorar positivamente a importancia de cada un deles.
- b) Dominar o análise básico de partituras, atendendo especialmente aos seguintes aspectos: compositor, estilo, contexto, estrutura formal, fraseo, agónica, sonoridade e instrumentación.
- c) Identificar os posibles problemas técnicos, tanto para os músicos coma para o director na partitura, previamente a calquera interpretación.



- d) Coñecer e valorar con certa capacidade crítica algunhas das mais usadas técnicas e sistemas de ensaio, así coma das súas características.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Adoptar unha posición correcta na dirección, e coñecer as características que debe ter esta.
- b) Demostrar corrección técnica e dominio sobre os diferentes xestos traballados na aula, e certo grao de independencia entre as dúas mans.
- c) Amosar unha actitude positiva fronte a calquera crítica ou corrección sobre a posición corporal, técnica xestual ou actitude na dirección, así coma interese e esforzo pola mellora do aspecto ou aspectos sinalados.

Mínimos esixibles

Para que un alumno poida acadar unha avaliación positiva en cada una das Unidades Didácticas deberá demostrar un nivel aceptable tanto nos coñecementos coma nas destrezas e actitudes indicadas nos criterios de avaliación. Os mínimos esixibles de cada una das Unidades Didácticas son os seguintes:

UD 1: *Educación auditiva*

- a) Amosar certo grao de mellora na capacidade auditiva en cada unha das áreas traballadas na unidade didáctica: identificación de tonalidades, modulacións e funcións tonais, ditados de ata 2 voces, problemas de afinación e tímbricos.
- b) Amosar interese na realización dos exercicios propostos ao longo do curso.

UD 2: *A figura do Director*



- a) Demostrar certo coñecemento do papel que tivo o director ao longo da historia da música.
- b) Distinguir e coñecer as principais tarefas do director, así coma a súa relación coa obra, o compositor e os intérpretes.
- c) Coñecer algunhas das principais figuras históricas relacionadas coa dirección musical e a súa influencia no panorama actual.
- d) Mostrar algún interese e certo grao de mellora na capacidade crítica en canto a importancia e influencia do director na interpretación musical, e no ámbito musical en xeral.
- e) Mostrar un nivel aceptable de interese pola figura do director e o seu aporte e influencia na interpretación final, así coma a súa importancia no traballo previo a mesma.

UD 3: *Agrupacións e organoloxía básica*

- a) Demostrar certo coñecemento das características e evolución das principais agrupacións musicais.
- b) Coñecer as características básicas das diferentes voces e instrumentos de uso común na música occidental: familia, evolución, rexistro, timbre, problemas técnicos inherentes, posibilidades sonoras, etc.
- c) Distinguir e valorar correctamente parte do repertorio mais característico das principais agrupacións instrumentais e vocais, así coma o algún do repertorio solista mais salientable.
- d) Recoñecer e aportar posibles solucións ás principais dificultades dun determinado repertorio, dende o punto de vista dos rexistros, a tímbrica, a afinación, as dificultades técnicas, etc.

UD 4: *Análise da partitura*



- a) Distinguir os principais pasos a seguir no traballo dun novo repertorio por parte do director.
- b) Amosar certo dominio e soltura no análise básico de partituras, atendendo especialmente aos seguintes aspectos: compositor, estilo, contexto, estrutura formal, fraseo, agónica , sonoridade e instrumentación.
- c) Ser capaz de apreciar algún dos posibles problemas técnicos, tanto para os músicos coma para o director presentes na partitura, previamente a calquera interpretación.
- d) Coñecer e valorar con certa capacidade crítica algunhas das mais usadas técnicas e sistemas de ensaio.

UD 5: *Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

- a) Amosar certo interese e esforzo por adoptar unha posición corporal correcta na dirección.
- b) Demostrar certo grao de mellora na técnica xestual básica en cada un dos aspectos traballados na unidade didáctica.
- c) Amosar interese en cada un dos exercicios propostos e unha actitude positiva e construtiva fronte as posibles correccións indicadas polo profesor.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:



- Observación directa e seguimento da evolución do alumnado en cada unha das sesións de clase.
- Grao de participación e actitude en cada actividade¹
- Seguimento do grao de realización do traballo autónomo.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de carácter escrito, oral ou práctico, sobre calquera aspecto traballado previamente na clase a petición do profesor.

Esta última ferramenta utilizarase sobre todo no seguintes supostos:

- O alumno ou alumna non demostra ao longo das sesións dedicadas a unha unidade didáctica en particular o seu dominio sobre os contidos mínimos esixibles correspondentes.
- Se fose necesario coñecer con detalle o nivel de cumprimento dos obxectivos por parte dalgún alumno/a, debido ás faltas de asistencia do mesmo ou no caso de que xurdan dúbidas nas anotacións tomadas no diario de clase.
- Se o alumno ou alumna considera que a valoración por parte do profesor é incorrecta nunha unidade didáctica en concreto ou nunha avaliación da materia, ou mesmo se, aínda considerándoa correcta, desexa melloralala (neste caso a proba non poderá influír negativamente na súa avaliación, é dicir, poderá subir a súa cualificación realizando a proba oportuna, pero nunca baixala).

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

¹ Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. De feito, as faltas de asistencia reiteradas ao longo do curso ás sesións de clase poderán resultar nunha peor valoración nos criterios de cualificación correspondentes e mesmo a non superación da materia por parte do/a alumno/a.



Criterios de cualificación

- **25%** da cualificación: respecto ás normas básicas de actitude e asistencia a cada unha das sesións de clase e actividades e/ou concertos²: asistencia; puntualidade; actitude correcta ante a materia.
- **25%** da cualificación: grao de cumprimento das tarefas asignadas para o traballo autónomo ao longo do curso: número de tarefas realizadas; grao de corrección das mesmas; e hábitos axeitados de estudo na casa.
- **25%** da cualificación: coñecemento dos conceptos teóricos traballados nas diferentes unidades didácticas.
- **25%** da cualificación: dominio dos contidos de carácter práctico e procedimental traballados nas diferentes unidades didácticas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

É preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

² *Non será obrigatoria a asistencia do alumnado a concertos e/ou actividades que se leven a cabo fora do centro ou fora do seu horario lectivo, aínda que valorarase positivamente a mesma. Do mesmo xeito o profesor/a reservase o dereito a decidir a participación nestas actividades daquel alumnado con faltas de asistencia reiteradas ao longo do curso.*



A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que estea matriculado inicialmente.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos nas unidades didácticas que tivera pendentes, considerarase superado a avaliación correspondente.

- Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, polo menos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.



Dita proba terá dúas partes que consistirán en:

- A. Proba escrita sobre os contidos relacionados co traballado durante o curso (Unidades Didácticas 1, 2, 3 e 4).

O resultado desta parte terá un peso do **50%** sobre a nota final da proba.

- B. Proba práctica de psicomotricidade asociada á dirección para avaliar o dominio das técnicas xestuais traballadas ao longo do curso (Unidade Didáctica 5).

Esta parte terá un peso do **50%** sobre a nota final da proba.

En ningunha das dúas partes do exame se esixirá coñecemento de contidos non traballados nas distintas sesións de clase.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre os contidos mínimos esixibles das diferentes unidades didácticas da materia. A proba constará de 2 partes:

- A. Proba escrita sobre os contidos relacionados co traballado durante o curso (Unidades Didácticas 1, 2, 3 e 4).

O resultado desta parte terá un peso do **50%** sobre a nota final da proba.

- B. Proba práctica de psicomotricidade asociada á dirección para avaliar o dominio das técnicas xestuais traballadas ao longo do curso (Unidade Didáctica 5).

Esta parte terá un peso do **50%** sobre a nota final da proba.

En ningunha das dúas partes do exame se esixirá coñecemento de contidos non traballados nas distintas sesións de clase do curso.



6.1.5 Recursos didácticos

▪ Recursos de aula

O material de aula necesario para a impartir cada unha das sesións de clase será:

- Lousa pautada, cadeiras e pupitres para profesor e alumnado
- Ordenador con conexión a internet e proxector conectado a altofalantes
- Piano
- Espello de corpo enteiro
- Metrónomo, atiles e demais materiais e recursos de normal uso nas ensinanzas musicais

▪ Materiais do alumnado

Ademais do material habitual, o alumnado deberá dispoñer do seguinte material en cada unha das sesións de clase:

- Papel pautado
- Lapis de color vermello, azul e verde
- Batuta (só no caso de que o profesor así o solicite e das características que el indique)

O profesor da materia pode, unha vez comezado o curso, e se o considera necesario, indicar a necesidade de adquisición por parte do alumnado de algunha partitura ou libro en concreto, aínda que intentarase evitar, cando sexa posible, recorrendo ao material dispoñible na biblioteca do centro.



- Material didáctico
 - Vídeos e outros recursos audiovisuais, na maioría dos casos de difusión gratuíta pola internet
 - Documentos sobre cada un dos aspectos tratados nas UDs e creados polo profesor
 - Material de apoio e consulta dispoñible na biblioteca do centro

- Material de consulta e bibliografía relacionada

Todas as referencias indicadas neste punto están dispoñibles para a súa consulta na biblioteca do centro:

- PREVITALI, F.: Guía para el estudio de la dirección orquestral.
- WALTER, B.: Gustav Malher
- ERMENEGILDO, P.: Il Maestro di banda
- SWAROVSKY, H.: Dirección de orquestra
- METHA, Z.: La partitura de mi vida (Memorias)
- SARDÓ I PARALS, A.: El gesto en la dirección de orquestra

6.1.6 Modalidade de ensino semipresencial e non presencial

Se debido á situación sanitaria é as normas que regulan o ensino no centro debido a esta circunstancia, o alumnado ou parte do mesmo non pode asistir presencialmente ás sesións de clase poderanse establecer medidas para implementar o ensino semipresencial ou non presencial. Ditas medidas serán:

- Seguimento das sesións de clase por videoconferencia.
- Uso da aula virtual para compartir contidos e realizar tarefas.



Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e unidades didácticas que se verán afectados (eliminados), en función da duración da modalidade semipresencial e/ou non presencial serán os seguintes:

- *OBX 6*
- *CON 6*
- *CRIT AV 6*
- *UD 5: Técnica psicomotriz básica da dirección musical*

No caso de ser necesaria, segundo o indicado nesta programación, a realización de algunha proba de carácter puntual esta terá carácter oral e realizarase por videoconferencia. Tamén poderá substituírse pola realización de algún traballo de investigación sobre os contidos que se pretenden avaliar, se o profesor o considera axeitado e suficiente para a avaliación do alumnado.

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado polo docente e tratado nas reunións periódicas do departamento no que está adscrita a materia, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquera outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.



Dende o Departamento de Fundamentos para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos correspondentes e adecuación ao nivel do alumnado
- Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos
- Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.
- Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A Materia de Iniciación á Dirección está adscrita ao Departamento de Vento Madeira, polo que o profesor que imparte a materia participará na avaliación deste departamento.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.



Na Memoria Final do Departamento farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles achegas que xurdiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

Amais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.



9. ANEXOS

9.1 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009*, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpra os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

O departamento didáctico correspondente a especialidade instrumental do alumno/a establecerá os criterios valorativos para a obtención de dito premio.